

OS DÍAS LEBRE

Textos de CLARA LÓPEZ

Ilustracións de MARCOS VISO

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 48 páx. 14 €.

Os días lebre (galego)

ISBN 978-84-16721-13-9. Kalandraka. Poesía ilustrada.

Los días lebre (castelán)

ISBN 978-84-16721-12-2. Faktoría K de Libros. Colección Orihuela.

Día,
que chega
e sobe á miña cama
e me baixa,
calza as miñas zapatillas,
e lévame durmido á cocíña
e almorza...

[Fragmento do poema titulado "Día lebre"]

Os quince poemas de "Os días lebre" remítennos ao pulso da vida cotiá, por veces tan intenso e fugaz, co degoiro dunha cadencia máis pausada e serena. As lembranzas, a fantasía e unha certa cercanía co xeito de razoar propio da infancia, conforman o universo simbólico deste diario que non segue tanto o paso do tempo como a acumulación de emocións e de experiencias.

Clara López xoga coa sonoridade e co significado das palabras, mesmo das letras, e máis aínda coa súa disposición nos versos; de aí o seu gusto polas enumeracións e polas repeticións. Ese espírito lúdico que planea sobre a obra redondéase co ton coloquial dos textos, a tendencia a explorar o territorio dos soños, e o carácter inconformista que se aprecia na ollada do presente e nas expectativas cara ao futuro.

As ilustracións oníricas de Marcos Viso seguen o compás dos versos a través de formas diluídas, trazos difuminados e cores pastel sobre suaves texturas que evocan o espazo de abstracción onde se produce a poética dicotomía: días lebre vs. días tartaruga.



- **Temática:** poemas inspirados na cotidianeidade e nas lembranzas.
- **Idade recomendada:** a partir de 9 anos.
- **Aspectos destacables:** imaxinación, fantasía; textos simbólicos; xogos de palabras.

Clara López

(Areas de Tui, 1968)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo e en Filosofía e Ciencias da Educación pola UNED. Mestra de educación infantil no CRA de Tomiño, orientadora no CEIP de Sobrada e profesora de novas tecnoloxías aplicadas á educación na Universidade de Vigo. Na actualidade imparte docencia en materia de proxectos de ilustración na Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña.

Marcos Viso

(Ourense, 1973)

Arquitecto Técnico pola Universidade da Coruña, actualmente dedícase á ilustración. Estudou na Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Faílde de Ourense, completando a súa formación en Barcelona. Profesor de debuxo e de ilustración, traballa en proxectos de álbum ilustrado para distintas editoriais e ten varios libros publicados.

<http://marcosvisoiustracion.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com